

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO DOS POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE LUGO. LECTURA DO INFORME TÉCNICO, APERTURA OFERTA ECONÓMICA. -----

Sendo as 12:30 horas do día 17 de decembro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei xefe do Servizo de Contratación Patrimonio e Fomento e actuando como vocais don Angel Víctor Gómez Cereijo do Servizo de Informática, dona Ana I. Sáez Mancebo Letrada Asesora da Asesoría Xurídica, dona Elva Anido Anido en substitución do Interventor Xeral e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Técnico de Administración Xeral do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello.

Así mesmo atópanse presentes no acto don Pablo Leis Carlés en representación da mercantil EDNON S.L e don Juan ramón Fernández Saavedra en representación da mercantil DIMODA FERMONTI S.L

Abre a sesión o presidente da Mesa e procédese por parte do secretario a dar lectura ó informe técnico emitido polo Analista Programador do servizo de Informática de data 13 de decembro de 2015. Procedéndose a continuación á apertura do sobre C) que contén as ofertas económicas do expediente de referencia co seguinte resultado:

- **DIMODA FERMONTI S.L**, propón:

- prezo anual de 34.710,74 euros sen IVE
- máis o IVE (21%) 7.289,25 euros
- prezo total anual de **41.999,99** euros

Oferta asímesmo unha cantidade económica anual de 11.000 euros IVE incluído para a adquisición de pezas a maiores do mínimo (4.000 euros IVE incluído) esixido nos pregos de prescricións técnicas.

Non presenta a certificación ISO 9001/2000 con respecto aos servizos identificados no contrato.

- **CENTRO DE INNOVACIÓN DE SERVICIOS GESTIONADOS AVANZADOS S.L**, propón:

- prezo anual de 39.818,42 euros sen IVE

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cml

Refª: Acta sobre C)

Asunto:

- máis o IVE (21%) 8.361,87 euros
- prezo total anual de **48.180,29** euros

Oferta asímesmo unha cantidade económica anual de 2.000 euros IVE incluído para a adquisición de pezas a maiores do mínimo (4.000 euros IVE incluído) esixido nos pregos de prescricións técnicas.

Presenta a certificación ISO 9001/2008 para servizos de mantemento e xestión de sistemas de TI.

- **DISCOUNT INFORMÁTICA S.L**, propón:

- prezo anual de 43.796,20 euros sen IVE
- máis o IVE (21%) 9.197,20 euros
- prezo total anual de **52.993,40** euros

Oferta asímesmo unha cantidade económica anual de 4.000 euros IVE incluído para a adquisición de pezas a maiores do mínimo (4.000 euros IVE incluído) esixido nos pregos de prescricións técnicas.

Presenta certificación ISO 9001/2008 para as actividades de montaxe, reparación e venda de ordenadores persoais e accesorios.

- **EDNON S.L**, propón:

- prezo anual de 44.180 euros sen IVE
- máis o IVE (21%) 9.277,80 euros
- prezo total anual de **53.457,8** euros

Oferta asímesmo unha cantidade económica anual de 1.500 euros IVE incluído para a adquisición de pezas a maiores do mínimo (4.000 euros IVE incluído) esixido nos pregos de prescricións técnicas.

Presenta certificación ISO 9001/2008 para servizos de deseño e implantación de solucións informáticas, servizos de integración, subministración, mantemento e asistencia técnica de sistemas de información e comunicación.

- **INFORHOUSE S.L**, propón:

- prezo anual de 44.000 euros sen IVE
- máis o IVE (21%) 9.240 euros
- prezo total anual de **53.240** euros

Oferta asímesmo unha cantidade económica anual de 4.000 euros IVE incluído para a adquisición de pezas a maiores do mínimo (4.000 euros IVE incluído) esixido nos pregos de prescricións técnicas.

Presenta certificación ISO 9001/2008 para venda, instalación, mantemento e asistencia técnica de hardware e software, deseño e desenvolvemento de software de xestión, configuración e soporte de redes informáticas.

- **BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING S.L.**, propón:

- prezo anual de 40.500 euros sen IVE
- máis o IVE (21%) 8.505 euros
- prezo total anual de **49.005** euros

Oferta asímesmo unha cantidade económica anual de 6.600 euros IVE incluído para a adquisición de pezas a maiores do mínimo (4.000 euros IVE incluído) esixido nos pregos de prescricións técnicas.

Presenta certificación ISO 9001/2008 para deseño, desenvolvemento e implantación de proxectos na área das tecnoloxías da información, mantemento e soporte técnico de aplicacións informáticas, software e sistemas operativos na área da tecnoloxía da información, venda de material informático.

Á vista das ofertas presentadas, elaborase o seguinte cadro de puntuacións, sen prexuízo da emisión dun informe técnico do servizo de informática en relación coa validez das certificacións ISO 9001/2008 presentadas polas empresas e sobre as que existen dúbidas da súa adecuación e validez.

EMPRESA	Proposta Técnica	Oferta Económica	Cantidade a maiores	Certificados ISO 9001	TOTAL
DIMODA FERMONTI	30	40	17	0	87
CENTRO INNOVACION GESTION SERVICIOS AVANZADOS	14	22,34	3,09		39,09
DISCOUNT INFORMATICA	18	8,59	6,18		32,77
EDNON S.L	20	7,26	2,32		29,58

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cml

Refª: Acta sobre C)

Asunto:


INFORHOUSE	34	7,89	6,18		48,07
BALIDEA	28	19,99	10,20		58,19

Á vista do cal os membros da mesa acordan seleccionar á mercantil DIMODA FERMONTI S.L, como a oferta economicamente máis vantaxosa o alcanzar a maior puntuación total; sen prexuízo da emisión do informe técnico do servizo de informática en relación coa validez das certificacións ISO 9001/2008. Unha vez emitido o sinado informe, publicarase a través do perfil do contratante, un cadro coas puntuacións finais.

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente os certificados de non ter débedas de carácter tributario ca Axencia Tributaria e ca Tesourería Xeral da Seguridade Social, unha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula correspondente do IAE; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE


Asdo: Xosé Manuel Cao Rei

O SECRETARIO


Asdo: Manuel Louzao Aldariz